

# Odiseo en Maratón

**NARRATIVA** Unha historia de identidades e superación, de pasados terribles e presentes avoltos, de ocultacións, complicidades e reencontros.


**Armando Requeixo** Texto

A máis recente novela de Santiago Lopo, *A diagonal dos tolos*, convida a repensar no vello dilema das esencias literarias galegas para mellor redefinilo sincronicamente.

Con certeza, durante moito tempo houbo intérpretes da nosa escrita que defenderon a (in)conveniencia de determinadas fórmulas para o que, entendían, debía ser a literatura enxebremente galega. Non vén ao caso aquí detallar todas e cada unha desas xenuínas fías que non poucos consideraban o máis nobre tecido da palabra creadora patria. Conformareime con recordar que a espacialización autorradicada, perfectamente ancorada en escenarios galegos, se tivo de sempre como unha premisa fundamental, pois críase que era a través de paisaxes galegas, con personaxes galegos como mellor podería desenvolverse un xeito de ver o mundo e expresalo verbalmente que fose tamén ben galego. E non necesariamente.

Dende un tempo a esta parte, e velaquí a reflexión á que me move a novela de Lopo, a nosa narrativa produciu unha deriva centrífuga que ten como resultado máis evidente o feito de que non poucas novelas e relatos ambienten as súas tramas en territorios extragalegos, por veces abondo lonxincuos.

Non é este un fenómeno exclusivo momento, non afirmo tal. Se un bota a vista atrás, decatárase de que houbo narradores de xeracións anteriores (poño por caso, Xavier Queipo) que apostaron por esa mesma vía con determinación e fortuna, mais non é menos certo que entre as novas promocións son ben máis os



*A diagonal dos tolos*  
Santiago Moure  
Galaxia, 2014

**Lopo consegue gañar a atención do lector non só polo desafiante da escusa narrativa inicial, senón pola sabia inserción de sucesos inesperados que fan da carreira do protagonista unha auténtica odisea.**

casos notorios que avanza en idéntica —e celmosa— dirección. Entre eles, Santiago Lopo significase por méritos propios.

*A diagonal dos tolos* é unha historia de identidades e superación, de pasados terribles e presentes avoltos, de redescubrimentos e ocultacións, reconciliacións e legados, complicidades e reencontros. Un mozo herdeiro, afasta-

do da vida aristócrata do seu proxenitor, prócer descendente dos vellos colonizadores da Illa Reunión, recibe a nova inesperada de que, á morte de seu pai, este lle lega a mansión familiar a cambio de que participe na durísima maratón que cruza en oblicuo os máis de 160 quilómetros da ínsula e que recibe o nome que dá título á propia novela. Debe facelo, amais, en menos de cincuenta horas, o que, para un corredor non profesional, é todo un desafío.

Lopo consegue gañar a atención do lector non só polo desafiante da escusa narrativa inicial, senón pola sabia inserción de sucesos inesperados que fan da carreira do protagonista unha auténtica odisea, pois en non poucos sentidos este moderno *runner* é un Ulises que corre para regresar, simbolicamente, á súa raíz e recuperar a súa posición vital, como nos desvela o xogo de dobres planos temporais.

Sillitoe, Murakami e tantos outros teñen feito dos que corren heroes dunha épica urbana que ten na complexa modernidade as súas claves. Lopo imprime unha nova volta de torniqueta e fai da carreira a causa, o medio e a fin a un tempo, cosendo orixe, drama e metamorfose.

Nada me estraña, pois, que no seu día *A diagonal dos tolos* fose distinguida co Premio Repsol de Narrativa. A editorial Galaxia, mercé a este título, incorporou ao seu catálogo o nome dun certo narrador que xa demostrou en *Game Over* (2006) e *Peaxes* (2009), pero, sobre todo, en *Hora zulú* (2012) e esta súa última novela, por que convén non lle perder a pista e seguir atentamente o que vai deitando o seu maxín fabulador.